TESE DE DOUTORAMENTO
COMPENDIO DE ARTIGOS



PROPOSTA DUNHA METODOLOXÍA PARA A PARTICIPACIÓN PÚBLICA NOS PROCESOS DE PLANIFICACIÓN FORESTAL

Xabier Bruña García

Prof. Dr. Manuel Fco Marey Pérez
(Titor e co-autor)

IDEGA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANO 2014

PROPOSTA DUNHA METODOLOXÍA PARA A PARTICIPACIÓN PÚBLICA NOS PROCESOS DE PLANIFICACIóN FORESTAL

Proposal of a methodology for public participation in forest planning processes

Xabier Bruña García
IDEGA

TESE DE DOUTORAMENTO

Universidade de Santiago de Compostela
Lugo 2014

Prof. Dr. Manuel Fco. Marey-Pérez
Titor (co-autor)

UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
INSTITUTO DE ESTUDIOS E DESENVOLVEMENTO DE GALICIA

PROPOSTA DUNHA METODOLOXÍA PARA A PARTICIPACIÓN PÚBLICA NOS PROCESOS DE PLANIFICACIÓN FORESTAL

Proposal of a methodology for public participation in forest planning processes

MEMORIA PARA OPTAR AO GRAO DE DOUTOR QUE PRESENTA O ENXEÑEIRO XABIER BRUÑA GARCÍA.
REALIZADA BAIXO A DIRECCIÓN DO DOUTOR MANUEL FRANCISCO MAREY PÉREZ

VISTO E PRACE,
O DIRECTOR DA TESE

1 DE SETEMBRO DE 2014

MOTIVACIÓN

"Se buscas resultados distintos, non fagas sempre o mesmo" Albert Einstein



A presente tese xurde a partir do Plan de Ordenación de Recursos Forestais (no sucesivo PORF) do Distrito VII (A Fonsagrada-Os Ancares) e da necesidade como xestor (no meu de traballo como xefe de montes da provincia de Lugo da Administración da Xunta de Galicia) de incorporar unha forma distinta de facer planificación forestal ao constatar os negativos resultados que tivo a intervención da Administración en épocas pasadas sobor de aspectos claves da planificación dos recursos naturais (modelos moi verticais nos que a implicación das persoas propietarias é practicamente nula).

Os PORF son o primeiro instrumento de ordenación e planificación forestal do Estado Español que define as liñas de actuación forestal e os modelos de monte a acadar nun futuro nun ámbito territorial de comarca ou distrito forestal. Aparecen definidos no artigo 31 da Lei 43/2003, del 21 de novembro de Montes. *Configúranse como instrumentos de planificación forestal de ámbito comarcal integrados no marco da ordenación do territorio, co que a planificación e xestión forestal se conectan co decisivo ámbito da ordenación territorial*.

O segundo piar lexislativo no que motiva esta tese está na Lei 27/2006 pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso a xustiza en materia de ambiente e que na súa exposición de motivos establece: "*Para que os cidadáns, individual ou colectivamente, poidan participar nesa tarefa de protección de forma real e efectiva, resulta necesario dispor dos medios instrumentais axeitados, cobrando hoxe especial significación a participación no proceso de toma de decisión públicas*"

O obxectivo de toda ordenación forestal é orientar a planificación dos recursos naturais existentes nun determinado territorio de cara a asegurar a súa permanencia así como o rendemento sostible e a compatibilidade dos seus aproveitamentos e servizos. É por este feito que os seus contidos implican a toda a sociedade porque contemplan a forma de orientar a medio e longo prazo aspectos tan variados como os modelos silvícolas, a defensa fronte a incendios, pragas e doenzas forestais, a conservación dos valores naturais, o uso recreativo do medio forestal, a caza, a gandería, os aproveitamentos forestais, as infraestruturas forestais ou os servizos ofrecidos polos montes (paisaxe, recreo, protección fronte erosión, biodiversiade, sumidoiros de carbono, . . .).

Na busca de formas distintas de facer planificación, un dos aspectos que considerábamos clave era o feito de contar coa poboación local ao ser os verdadeiros protagonistas da situación actual e tamén do seu futuro. Tendo en conta esta premisa e a necesidade de incorporar as opinións, expectativas, intereses e achegas dos habitantes do distrito, a noso traballo conclúe na necesidade de incorporar a participación pública na elaboración do PORF.

Os procesos de participación pública na planificación forestal son relativamente recentes e a inclusión no plan forestal de Fonsagrada-Os Ancares foi o primeiro caso dentro da planificación forestal galega. Este feito supuxo que tivéramos que facer unha revisión do estado da arte no ámbito da planificación forestal participada e deseñar metodoloxías concretas adaptadas ao noso territorio e sociedade.

O resultado final desta tese é unha mestura entre a investigación e a acción, na procura de resultados distintos e no desenvolvemento dunha ferramenta que coloque as cousas no seu sitio contando coas persoas.

"As verdades hai que repetilas moitas veces, para que pobres delas non caian no esquecemento"

José Saramago

Ás persoas loitadoras

ÍNDICE DE CONTIDOS

Resume	1
Introdución	2
Obxectivo	13
Material e métodos	15
Resultados	19
Discusión	28
Conclusións	30
Bibliografía	33
ANEXOS	48

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXOS

ARTÍCULOS I-VI

A presente tese baséase nos seguintes artigos científicos relacionados a continuación en números románs:

I. Bruña-García X., Marey-Pérez M.F., 2012. A participación pública na planificación forestal. Unha oportunidade ou unha necesidade para a súa aplicación en Galicia. *Revista Galega de Economía* 21(2): 39-60.

II. Bruña-García X., Franco Vázquez L., Marey-Pérez M.F., 2011. La participación pública como necesidad en la planificación forestal. *Spanish Journal of Rural Development* II (Special 3): 15-30.

III. Bruña-García X., Marey-Pérez M.F., 2014. Public participation: a need of forest planning. *iForest* 7: 216-226.

IV. Bruña-García X., Marey-Pérez M.F., 2014. The challenge of stakeholder representativity in forest plans: a methodological proposal. **(XXXXXXXXXX) In press**

V. Bruña-García X., Marey-Pérez M.F., 2014. Planificación forestal participada: como obtener conocimiento. **(XXXXXXXXXX) In press**

VI. Bruña-García X., Marey-Pérez M.F., 2014. La planificación forestal participada como base de la gobernanza rural. **(XXXXXXXXXX) In press**

Os artígos publicados son reproducidos co permiso das respectivas revistas.

DOCUMENTOS DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA

(ANEXO VII)

I. Cartelería difusión proceso participación pública
II. Cartas enviadas aos colectivos específicos
III. Colocación de carteis por concello
IV. Fichas reunións
V. Listado de inscritos
VI. Modelos de enquisas
VII. Respostas en bruto das enquisas
VIII. Análise das enquisas
IX. Análise da páxina web

RESUME

A participación da sociedade nas decisións relativas á planificación e ordenación do territorio é fundamental para acadar solucións viables e duradeiras. A actuación conxunta de todos os sectores involucrados na planificación forestal, tanto de carácter táctico como estratéxico, permite elaborar solucións á xestión futura dos recursos do monte, seleccionando e aplicando aquela ou aquelas de consenso.

A procura de acordos entre os grupos de interese é o factor máis importante na planificación de áreas rurais, onde o territorio é o sustento de todas as actividades. A clave do éxito está na representatividade ou presenza equilibrada de todos os axentes en aras de obter un obxectivo común, que transcenda ós obxectivos individuais.

Esta tese afonda no traballo científico feito ata o de agora con respecto á participación pública na planificación forestal. Propón e valida unha nova metodoloxía que serva para integrar a grupos sociais con escasa experiencia en procesos participativos para a planificación de recursos naturais en rexións demograficamente en recesión. Deste xeito combínase a enxeñería de planificación, clásica do século XX, coa participación social, necesaria no século XXI, para acadar a sostenibilidade e a gobernanza efectiva.

Palabras clave: proxectos e planificación, participación pública, representatividade, grupos de interese.

ABSTRACT

The participation of society in decisions regarding land planning and management is essential to achieve long-lasting and viable solutions. The joint action of all the sectors involved in tactic and strategic forest planning gives the opportunity to develop solutions for the forest's future management, selecting and applying consensual ones.

The search for agreements among stakeholders is the most important factor in rural areas, where land is the basis of all activities. The key to success lies in the representativity or balanced presence of all the agents to achieve a common objective.

This thesis examines the scientific work carried out so far about public participation in forest planning. It proposes and validates a new methodology to integrate social groups with little experience in participative processes for natural resource planning in areas with demographic collapse. It combines planning engineering, typical of the 20th century, with social participation, necessary for sustainable and effective governance in the 21st.

Keywords: projects and planning, public participation, representativity, stakeholders.

INTRODUCIÓN

OS ANTECEDENTES

*No artigo 3 do Título I da **Lei 27/2006**, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de **participación pública** e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (B.O.E nº 171, do 19 de xullo de 2006) establécese o dereito "a participar de maneira efectiva e real na elaboración, modificación e revisión daqueles plans, programas e disposicións de carácter xeral relacionados co medio ambiente", entre os cales se atoparían os instrumentos de ordenación do territorio rural e os plans forestais.*

*No artigo 31 da **Lei 43/2003**, do 21 de novembro, de **Montes** (B.O.E nº 280, do 22 de novembro de 2003) establécese que "a elaboración dos plans forestais incluirá necesariamente a consulta ás entidades locais e, a través dos seus órganos de representación, ós propietarios forestais privados, a outros usuarios lexítimos afectados e ós demais axentes sociais e institucionais interesados, así como os trámites de información pública".*

*No artigo 74 da **Lei 7/2012**, do 28 de xuño, de **montes de Galicia** (D.O.GA. nº 140, do 23 de xullo de 2012) establécese que "a administración forestal elaborará os plans de ordenación dos recursos forestais como instrumentos de planificación forestal, que afectarán preferentemente a cada distrito forestal".*

***"Stakeholder"** é un termo inglés empregado por primeira vez por R. E. Freeman na súa obra: "Strategic Management: A Stakeholder Approach" (Pitman, 1984), para referirse a «quenes poden afectar ou son afectados polas actividades dunha empresa». Este termo foi incorporado á participación pública como as persoas interesadas afectadas na toma de decisións.*

*Dixo **Elinor Ostrom** (primeira muller en recibir o premio nobel de economía en 2009) que os burócratas, ás veces non teñen a información correcta, entanto os cidadáns e os usuarios dos recursos si a teñen.*



García Fernández-Velilla *et al.* 2012

Desde os anos 1960 a xente esixiu unha maior voz nas decisións que afectan ás terras públicas e aos bosques (Scardina *et al.,* 2007). Na década dos 70 do século pasado produciuse unha reavaliación do valor de coñecemento local, conducindo a peticións de participación en proxectos nos cales os coñecementos locais e expertos uníronse de forma complementaria (Martin, 2002). Nos oitenta o informe da Comisión Brundtland indicou que a equidade veríase favorecida mediante sistemas políticos nos que a participación cidadá asegurara a toma de decisións, vinculando directamente a participación pública co desenvolvemento sostible. A Axenda 21, aprobada na Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio e o Desenvolvemento (Río de Janeiro, 1992), establece nun dos preámbulos que *"un dos requisitos fundamentais para acadar o desenvolvemento sostible é a ampla participación da opinión pública na adopción de decisións. Ademais, no contexto máis concreto do medio e o desenvolvemento, fixose evidente a necesidade de empregar novas formas de participación"*.

Na opinión de Primmer e Kyllönen (2006) a participación pública foi primeiramente un medio para producir información ambiental relevante para a toma de decisións, e a día de hoxe, está no núcleo do concepto do desenvolvemento sostible. Actualmente, a participación pública na toma de decisións no sector forestal considérase como unha parte esencial da xestión forestal sostible (Kangas *et al.,* 2005).


Reforzar o papel do público na planificación está enraizado en consideracións tanto filosóficas como pragmáticas; existindo unha crenza xeneralizada nas sociedades democráticas, na que os individuos teñen dereito a ser informados, consultados e mesmo permitirlles compartir o poder de decisión sobre cuestións

que poidan afectarlles (Germain *et al.,* 2001). O ideal sería un goberno democrático, representativo e designado para canalizar e asimilar información entre persoas gobernantes e gobernadas (Sewell e O'Riordan, 1976; Buchy e Hoverman, 2000; Germain *et al.,* 2001).

Unha corrente de economistas abogan polos métodos ecolóxicos das decisións participativas, nas que as persoas actúan como cidadáns na vez de consumidores (Swedeen, 2006). Agora é amplamente aceptado que os métodos participativos son os métodos máis eficaces para lograr a xestión sostible dos recursos; e cada vez máis, as comunidades locais esixen máis voz e influencia na forma en que se xestiona (Leskinen, 2004; Mendoza e Prabhu, 2006). Segundo Ojha *et al.* (2009) a busca de estratexias eficaces para protexer os bosques e mellorar a vida das persoas que dependen deles levou a varios enfoques participativos para a gobernanza forestal nas últimas décadas a nivel mundial. Neste sentido a participación pública preséntase agora coma unha palabra clave no sector forestal (se non é a palabra clave) e supón dar un novo marco para calquera tipo de toma de decisións forestais (Kouplevatskaya-Yunusova e Buttoud, 2006). Ademais a participación pública pode ser unha ferramenta para mellorar a ordenación forestal sostible (ILO, 2000; Atmis *et al.,* 2007), converténdose en moitos países nunha ferramenta importante para promover o manexo forestal sostible a nivel estratéxico, especialmente en bosques públicos ou do estado (Buchy e Hoverman, 2000; Sheppard e Meitner, 2005; Hiltunen *et al.,* 2009).

En España, a actual Lei de Montes, esixe a participación pública, mediante a consulta aos interesados na planificación forestal (González, 2007; Marey-Pérez, 2007). O proceso de participación pública viuse reforzado coa aprobación da Lei 27/2006 na que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

Nun futuro, a lexitimidade dos plans virá dada por contar desde as fases iniciais ata a súa aprobación final dunha participación en maior número, máis activa e directa, e máis representativa dos intereses, percepcións e visións que a sociedade teña dos recursos do monte.



García Fernández-Velilla *et al.* 2012

QUE É A PARTICIPACIÓN PÚBLICA

Hai distintas aproximacións e definicións que intentan concretar o termo participación pública; segundo a COST Action FP0804: FORSYS (2010), a participación pública significa que os cidadáns están implicados no medio ou na toma de decisións sobre os recursos naturais que teñen un efecto neles. Ou de forma máis xenérica, é un proceso mediante o que os individuos toman decisións sobre as institucións, os programas e os ambientes que os afectan (Glück, 1999; Shannon, 1999).

Nunha formulación inicial, a participación considérase un proceso de concienciación a través do cal as persoas comezan a comprender os seus papeis políticos e a necesidade da conciliación lexítima e contribución conxunta á resolución de problemas e aproveitamento de oportunidades (Sewell e O'Riordan, 1976); pasando a ser un principio básico que subministra transparencia e intercambio de información, un requisito para construír consenso (Glück, 1999; Shannon, 1999). Participación, e mesmo, recoñecemento e regularización da propiedade (Dovie, 2003). Nun sentido moderno, a participación pública é un proceso voluntario onde as persoas, individualmente ou a través de grupos organizados, poden intercambiar información, expresar opinións e articular intereses e potencial para influír no resultado final do proceso de planificación e xestión (ILO, 2000; Aasetre, 2006; Atmis *et al.,* 2007).

Desde o punto de vista da cidadanía, a participación comprende actividades que afectan a formulación, a adaptación e o desenvolvemento de políticas públicas e/ou afectan a formación de comunidades políticas en relación a asuntos ou institucións de interese público (Higgs *et al.*, 2008).

Desde o punto de vista da Administración, a participación é o esforzo do equipo de planificación ou xestión forestal para abastecer dunha forma continua ao público cun amplo rango de oportunidades para influír na planificación, na xestión forestal. En concreto, analizar sistematicamente, avaliar e subsecuentemente incorporar, na medida do posible, as achegas públicas resultantes nos plans forestais (Domínguez *et al.,* 2005).

Desde a perspectiva da paisaxe a participación refírese á capacidade da poboación local para decidir e desenvolver as súas propias regras e estruturas que garantan o uso, o mantemento e o desenvolvemento das paisaxes que satisfagan as súas necesidades e a dos seus fillos e fillas (Penker, 2009).

A participación pode ser considerada como un fin ou como un medio para acadar un fin; como ética da actuación ou como ferramenta de xestión (Buchy e Hoverman, 2000). Unha boa planificación participativa presenta catro principios básicos: i) compromiso e claridade ii) cantidade de tempo asignado ao proceso iii) representatividade das persoas implicadas iv) transferencia de competencias e coñecementos. Por outra banda moitos estudos indican que a aprendizaxe, a construción de relacións, o intercambio de coñecementos e a representación de intereses son as dimensións do éxito da participación pública (Shindler e Neburka, 1997; Richard e Burns, 1998; Tuler e Webler, 1999; McCool e Guthrie, 2001; Leskinen, 2004).

Nos procesos de participación pública é necesario que se garanta a equidade, a representatividade e a transparencia (Buchy e Hoverman, 2000, Kangas *et al.,* 2005). A planificación participativa pode ser empregada para evitar conflitos, compartir información entre participantes, e promover boas relacións coa organización promotora da planificación (Hellström, 2001; Kangas e Store, 2003; Janse e konijnendijk 2007; Hiltunen *et al.,* 2009). O desenvolvemento dun NFP (National Forest Programme) participativo é un reto e pode contribuír nos procesos de democratización de diversas formas: *a través do reforzo da transparencia das decisións políticas, facendo comunicación e procesos de decisión máis plurais, estimulando aprendizaxe mutua, e aumentando a conciencia de responsabilidade colectiva para as cuestións forestais* (Elasser, 2002). A participación pública, cada vez máis, é recoñecida como un instrumento para a xestión ambiental a través da construción de consenso, da xestión de conflitos, da colaboración para a resolución de problemas, e da negociación na toma de decisións (Hjortsø, 2004).


Tipos de participación pública

Consideramos que os procesos de toma de decisión con respecto á participación poden ser:

- ***Ningunha:*** non hai público ou participación dos interesados no proceso de decisión.
- ***Pública:*** acceso aberto e libre entrada á decisión do proceso (por exemplo, foro público).
- ***Con público restrinxido:*** acceso invitado, pero non son necesarios coñecementos específicos para informar e entrar no proceso de decisión (por exemplo, a participación de grupos de expertos).
- ***Con parte interesada:*** experto(s) ou parte interesada(s) proporcionan información e participan no proceso de decisión.

Existen varios graos de participación, desde a *"participación pasiva"* (na que os interesados son informados sobre as decisións tomadas por outros) ata *"participación interactiva"* que require decisións conxuntas e compartir responsabilidades (Germain *et al.,* 2001; Elassser, 2002; Higgs *et al.,* 2008). Polo tanto, a participación pode adoptar diversas formas que van desde as reunións públicas e audiencias, cuestionarios (centrados en grupos); aos procesos deliberativos máis complexos co obxectivo final de permitir aos participantes ter unha maior implicación nos procesos de decisión (Higgs *et al.,* 2008). Martins e Borges (2007) interpretan a planificación colaborativa como un caso especial de planificación participativa cando todos os participantes involucrados comparten o poder da toma de decisións e se ven afectados directamente polas opcións de xestión.

A literatura ofrece varias tipoloxías de participación pública, moitas veces representando unha escala a partir dun fluxo unidirecional de información ata completar o poder de decisión do cidadán na auto-organización (Arstein, 1969; Pretty, 1994; Elcome e Baines, 1999; Buchy e Hoverman, 2000; Germain, 2001; Dovie, 2003, Sugimura e Howard, 2008; Stenseke, 2009). Sendo coincidentes nunha gran parte dos tipos, propoñemos os seguinte cinco niveis:



1) ***Información:*** fluxo unidirecional de información, sen vía pública para obter feedback ou negociación.
2) ***Consulta:*** a función pública é revisar e comentar a través de audiencias e consultas; entanto a autoridade mantén a decisión.
3) ***Decisión:*** os cidadáns e a autoridade son socios; o público comeza a ter influencia nas decisións; pode negociar e implícase en compensacións coas autoridades.
4) ***Actuación:*** os cidadáns teñen un control dominante sobre a toma de decisións das autoridades; son tamén responsables das decisións.
5) ***Auto-organización:*** os cidadáns teñen o control total. Máxima expresión do poder do cidadán. Toman iniciativas independentes das autoridades.

A participación pública segundo Primmer e Kyllönen (2006) implicaría a participación igualitaria de diferentes grupos de interese, incluída a industria, sindicatos ou outras organizacións non gobernamentais. Amais o seu uso contemporáneo comporta formas máis directas de participación cidadá que o simple voto nas eleccións ou ser membro dun partido político ou pertencer a un grupo recoñecido como un actor lexítimo na toma de decisións. En moitas das decisións sobre o uso dos recursos naturais, limitar a participación só aos propietarios deixa demasiados grupos fóra do espazo de decisión. Isto implica, ademais da participación de grupos de partes interesadas, tamén a participación directa dos cidadáns ordinarios e a poboación local (Primmer e Kyllönen, 2006).

Fases na participación pública

Cada metodoloxía pode incluír a participación do público en fases lixeiramente diferentes, pero as fases xerais son as seguintes:

- Definición do problema
- Explorar as opcións
- Avaliar as opcións
- Seguimento e avaliación do proceso
- Seguimento e avaliación dos resultados

No traballo de Martins e Borges (2007) suxírese unha simplificación do proceso de planificación participativa en tres pasos quedando da forma seguinte:

- ***A identificación do problema*** que consiste na adquisición e análise de información para comprender e definir as áreas de xestión forestal.
- ***Problema de modelado*** que consiste na construción de modelos para representar tanto as relaciones entre as alternativas de manexo e os resultados de interese e os escenarios de xestión da política.
- ***A resolución de problemas*** que implica o deseño do plan de manexo forestal.

Segundo Collier e Scott (2009) a participación dos interesados, a consulta, a participación e a inclusión son algúns dos máis comunmente utilizados como descritores do proceso de colaboración, planificación e xestión.

A PARTICIPACIÓN PÚBLICA NA PLANIFICACIÓN FORESTAL

A planificación dos recursos forestais é un problema moi complexo, principalmente debido á multiplicidade de criterios que participan no proceso de toma de decisións (Díaz-Balteiro e Romero, 2008).

Aínda que a participación pública non é un concepto novo, a súa presenza na planificación forestal é relativamente recente; sendo unha práctica pouco común nun nivel local e nas terras de propietarios forestais individuais (Leskinen, 2004). Cada vez máis persoas están interesadas en ter máis control sobre o proceso da toma de decisións e influír nas prácticas forestais (Buchy e Hoverman, 2000), polo que os profesionais da planificación precisan cada vez máis comunicar as súas ideas e accións a unha ampla variedade de partes interesadas (Tyrväinen *et al.,* 2006). Autores como Sugimura e Howard (2008) propoñen que a participación se centre nas últimas etapas do proceso da zonificación forestal.

A planificación sostible dos bosques e a súa xestión, partirá da creación de asociacións entre interesados e xestores co fin de lograr un maior coñecemento das relacións entre o medio, a economía e os procesos sociais (Panagopoulos, 2009). Así, as novas metas para a participación pública baseadas no desenvolvemento sostible e nas políticas de desenvolvemento deberían ser: 1) xeración de nova información 2) incorporación de

todas as persoas interesadas e 3) contribuír a acadar un acordo público (Primmer e Kyllönem, 2006).

Os investigadores propuxeron novas formas de conceptualizar a relación entre a ciencia e a sociedade (Grundmann, 2008). Neste momento hai un gran acordo entre os investigadores para resolver o dualismo entre natureza e sociedade *"Necesitamos unha nova linguaxe, con novas metáforas e categorías"* (Gerber, 1997) e necesitamos novas formas de pensamento para a xestión sostible dos bosques que eviten posicións binarias (Purdon, 2003). Así, Pelkonen *et al.* (1999) indican que os aspectos tecnolóxicos e ecolóxicos son importantes na determinación da forma específica da silvicultura nun contexto, pero son os aspectos sociais os que constitúen a silvicultura como tal; polo que os cambios sociais están presentes na xestión forestal e esta é unha mostra das interaccións sociais nun momento e nun lugar determinado. Polo tanto nun sentido moderno os conceptos de co-xestión e ordenación dos ecosistemas inclúen a idea da integración da perspectiva ecolóxica con perspectivas sociais e culturais (Leskinen, 2004) e requirirá unha ciencia máis activa coa sociedade civil, para o que é necesario a mellora na transparencia e na participación do sector forestal (Purdon, 2003).

O proceso de política forestal implica un conxunto de intereses privados, organismos públicos, marco lexislativo, grupos sectoriais, así como as organizacións non gobernamentais (ONGs) representativas das accións de expansión do público (Janse e konijnendijk, 2008). Estas últimas gañaron influencia na política forestal (Weber e Christophersen, 2002) polo que as administracións de xestión de recursos en todo o mundo empregan cada vez máis os procesos de participación pública como medio para involucrar aos cidadáns afectados polas decisións de planificación (Hjortsø, 2004). Á luz destes, a conexión entre os conceptos de interface ciencia-política e participación pública pode dar lugar a unha nova interface *"público-ciencia-política"* (Janse e konijnendijk, 2008).

White *et al.* (2009) propoñen unha nova perspectiva sobre a base teórica da ciencia fronte aos conflitos da biodiversidade, a través dun enfoque que mestura métodos científicos e sociais. Os resultados do estudo de Janse e Konijnendijk (2008) confirman que para garantir a inclusión social na planificación é necesario un conxunto de ferramentas que inclúan: *un proceso gradual para informar ao público dunha forma atractiva, a recollida de información sobre a súa opinión, o uso de enfoques participativos*. Tamén indican Sugimura e Howard (2008) que a incorporación de factores sociais mellorará a zonificación forestal.

A participación pública é o gran instrumento de mellora que pode incorporar a planificación forestal no século XXI. A participación da sociedade en decisións relativas á planificación e ordenación do territorio é fundamental para acadar solucións viables e duradeiras.

Os PORF como base da planificación forestal participada

Os **Plans de Ordenación de Recursos Forestais (PORF)** figuran no artigo 31 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes (BOE nº 280, do 22 de novembro de 2003). Do citado artigo, extráese que as comunidades autónomas poderán elaborar os PORF como instrumentos de planificación forestal, considerados ferramentas no marco da ordenación do territorio. As comunidades autónomas definirán os territorios que, de acordo con esta lei e coa súa normativa autonómica, teñen a consideración de monte para a súa inclusión nos PORF.

No artigo 74 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (D.O.GA. nº 140, do 23 de xullo de 2012) establécese que *"a administración forestal elaborará os plans de ordenación dos recursos forestais como instrumentos de planificación forestal, que afectarán preferentemente a cada distrito forestal como territorios de condicións xeográficas, socioeconómicas, ecolóxicas, culturais ou paisaxísticas homoxéneas".* Existe correspondencia co sinalado pola lei estatal, a cal engade que os ámbitos territoriais poderanse adaptar a aquelas comarcalizacións e divisións de ámbito subrexional formuladas pola ordenación do territorio ou outras divisións específicas administrativas propias das comunidades autónomas. Segundo a lei de montes galega, os PORF terán carácter obrigatorio e executivo nas materias reguladas na lei de montes, e carácter indicativo respecto de calquera outra actuación, plan ou programa sectorial. No artigo 76 dispónse que para a súa elaboración incluirase necesariamente a consulta ás entidades locais e, a través dos seus órganos de representación, aos propietarios forestais privados, a outros usuarios lexítimos afectados e aos demais axentes sociais e institucionais interesados, así como aos trámites de información pública.

Na presente tese dáselle especial transcendencia a este aspecto mediante a validación da metodoloxía proposta nun proceso participativo dentro dun plan forestal.

De forma xenérica, os plans forestais participativos teñen por obxecto organizar no espazo e no tempo toda aquela actividade que se desenvolva sobre terreos forestais a partir dunha axeitada análise e diagnóstico do ámbito territorial de actuación. Todo elo, apoiado nunha continuada interlocución cos axentes implicados. Mediante este instrumento de ordenación e planificación, definiranse as grandes liñas de actuación forestal e o modelo de monte a acadar nun futuro, na busca de evitar alteracións significativas na xestión forestal da zona e acadar a maior implicación posible de tódolos colectivos sociais interesados.

Como se cita na Lei 43/2003, os Plans de Ordenación de Recursos Forestais configúranse como instrumentos de planificación forestal a conectar decisivamente co ámbito da ordenación territorial. Ademais están sometidos a avaliación ambiental estratéxica (conforme ao disposto na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente).

Polo tanto nos PORF. teñen que desenvolverse tres procesos que evolucionan paralelamente e que son (figura 1): *participación pública, redacción técnica e avaliación ambiental estratéxica.*

Figura 1: fases no desenvolvemento dun P.O.R.F.



AS VANTAXES DA PARTICIPACIÓN PÚBLICA NA PLANIFICACIÓN FORESTAL

A participación pública ofrece unha grande cantidade de vantaxes expostas en numerosos artigos científicos, vantaxes especialmente visibles cando é aplicada en ámbitos con realidades forestais caracterizadas pola súa atomización como é o caso de Galicia (Marey-Pérez, *et al.,* 2007). De maneira sintética podemos establecer os seguintes grupos de melloras asociadas á participación pública:

Mellorar a comunicación

A participación pública é unha ferramenta tanto máis eficaz cando máis se basee na confianza mutua, mellorando a comunicación e a cooperación entre todas as persoas involucradas no proceso. Isto pode contribuír á silvicultura sostible, aumentando a sensibilización do público, incrementando os beneficios forestais, repartindo os custes e beneficios de maneira equitativa e, en definitiva, mellorando a aceptación social da silvicultura sostible (Düzgün, 2003). O uso dos movementos sociais pode dar lugar a unha diminución dos propios prexuízos cara o sector forestal fronte a outras partes (Côté e Bouthillier, 2002; Sugimura e Howard, 2008).

Xerar coñecemento

Hansmann *et al.* (2006) indican que os procesos participativos poden ser unha posibilidade para reforzar o coñecemento da poboación para co sector forestal. A información pode contribuír aportando certa melloras na calidade das decisións (Côté e Bouthillier, 2002; Sugimura e Howard, 2008). Ademais, destácase a dimensión educativa como unha vantaxe adicional (Buchy e Hoverman, 2000). Polo tanto, a participación pública pode incorporar novos datos e xerar máis coñecemento (Brody e Cash, 2004; Brody *et al.,* 2006).

Achegar administración e goberno aos cidadáns

O estudo de Berminger *et al*. (2009) conclúe que unha comunicación efectiva e un debate aberto sobre as múltiples implicacións na xestión de diferentes opcións poden xerar actitudes positivas cara a silvicultura entre axentes locais, facilitando a comprensión da complexidade inherente á tarefa de xestionar grandes áreas de bosque pola súa diversidade de valores e aumentando a súa confianza nos profesionais forestais.

Involucrar a todos os axentes implicados

Selman (2004) considera a colaboración das partes interesadas como un "ingrediente esencial na planificación e xestión da paisaxe". Ofrecer a oportunidade de participar nos procesos de planificación forestal comportará, sen dúbida, que máis persoas

consideren a importancia dos bosques (Sugimura e Howard, 2008). Así, entre os motivos polos que a industria está interesada na participación pública cítanse as boas relacións públicas, unha boa relación coas partes interesadas e a redución da crítica dos medios (Brody e Cash, 2004; Brody *et al.,* 2006).

Integrar á sociedade na xestión

A participación pública mellora a xestión eficaz dos recursos (Brody e Cash, 2004; Brody *et al.,* 2006). O estudo de Brody *et al.* (2006) identifica algúns dos máis importantes factores que motivan aos silvicultores e aos industriais da madeira a ser membros partícipes na xestión de ecosistemas, concluíndo que dita participación pode levar a unha mellora nos resultados da planificación dos recursos, así como contribuír ao logro de metas de xestión por parte destes grupos.

Mellorar o desenvolvemento sustentable

A participación pública é un factor clave para acadar estratexias exitosas de conservación (Alexander, 2000), formando parte do desenvolvemento sostible e mellorando a aprendizaxe social (COST Action FP0804: FORSYS, 2010). Os métodos participativos son os métodos máis eficaces para lograr a sostibilidade dos recursos naturais (Leskinen, 2004; Mendoza e Pradhu, 2006). Así, os resultados do estudo realizado por Brody *et al.* (2006) sobre as 38 maiores empresas forestais de EE.UU indicaron que estas, na súa meta de xestionar máis eficazmente os seus recursos, apostaban por unha xestión participativa para crear colaboracións e asociacións coas partes interesadas.

Previr e resolver conflitos

Un exemplo de como a participación pública é unha forma efectiva de manexar conflitos forestais é o representado polo grupo "*coidar os bosques de montaña*" en Suíza. Neste grupo de traballo, os representantes dos servizos forestais federais e as organizacións non gobernamentais reuníronse para discutir a forma de conciliar a xestión dos rodais naturais, a protección contra riscos (especialmente avalanchas) e a conservación da biodiversidade (Niemelä *et al.,* 2005). As veces, cando non se dan procesos de participación pública, as políticas fracasan polo rexeitamento da poboación, que as percibe como unha imposición externa e non se considera implicada nas decisións posto que non reflicten as súas preferencias ou prioridades (Prada *et al.,* 2005).

Polo tanto, a participación pública pode servir para reducir os conflitos entre partes interesadas (Côté e Bouthillier, 2002; Sugimura e Howard, 2008), sendo unha alternativa atractiva fronte aos litixios e aos regulamentos de control (Brody e Cash, 2004; Brody *et al.,* 2006).

Lexitimar a toma de decisións

Un modelo racional, técnico-científico, que non incorpore as preocupacións públicas comporta dificultades para acadar decisións que sexan aceptables para os cidadáns (Shindler *et al.,* 2002; Sugimura e Howard, 2008). Polo tanto, a participación pública no proceso de toma de decisións mellora as posibilidades de consenso ao permitir que as partes interesadas teñan en conta as distintas perspectivas, aportando transparencia ao proceso e, consecuentemente, dándolles maior responsabilidade e peso na decisión final (Higss *et al.,* 2008). A lexitimidade da decisión final poderá mellorar cando as distintas partes interesadas participen na toma de decisións (Webler *et al.,* 1995; COST Action FP0804: FORSYS, 2010).

Facilitar execución do plan

Se ben a planificación participativa require un maior investimento inicial, involucrar aos residentes na fase de planificación pode levar a diminuír posteriormente os custes, posto que evitará queixas na fase de execución (Sipilä e Tyrväynen, 2005). Polo tanto, as partes interesadas oporanse en menor medida á execución do plan se están involucradas no proceso (Sugimura e Howard, 2008). A participación na elaboración e aplicación das decisións políticas, tanto por parte da poboación afectada como dos axentes que as aplicarán, aumenta a probabilidade de que os obxectivos se acaden dunha forma eficaz (Prada *et al.,* 2005).

Paso cara a gobernanza forestal

Debemos incorporar e aceptar esta nova variable como a única forma de acadar gobernanza na planificación dos recursos forestais. A súa inclusión traducirase nun fortalecemento da democracia e nunha ampliación da cidadanía (Higss *et al.,* 2008). Ademais, a planificación participativa mellorará a calidade de vida dos residentes ao ofrecer experiencias positivas de participación e empoderamento, aportando posteriormente coa súa aplicación práctica as propias melloras deseñadas no plan (Sipilä e Tyrväynen, 2005).

MÉTODOS E FERRAMENTAS NA PARTICIPACIÓN PÚBLICA

Segundo Sheppard e Meitner (2005) existen poucos modelos de éxito nos procesos de participación pública do ámbito forestal. Os modelos de participación poden ser empregados como ferramentas independentes ou poden ser integrados na planificación para facela máis flexible e robusta (Mendoza e Pradhu, 2006).

Segundo Kangas e Kangas (2005), non hai ningún método que sexa universalmente mellor ou incluso aplicable a todas as situacións, polo que a súa elección require da consideración das necesidades de cada caso en concreto. Polo tanto, os diferentes niveis de participación requirirán diferentes técnicas (Buchy e Hoverman, 2000). Neste senso e segundo Cost Action FP0804 (2010) en cada fase da participación pública, están dispoñibles distintos tipos de ferramentas, tal e como se reflexa na táboa 1.

A revisión dos métodos de participación e ferramentas que se poden empregar na elaboración de plans forestais revela novas necesidades de investigación, o desenvolvemento de métodos híbridos e de plataformas tecnolóxicas para a integración de métodos e ferramentas (Martins e Borges, 2007). Tamén é boa a aplicación de métodos que sexan comprensibles para os tomadores de decisións e demais participantes, e que os resultados, así como o razoamento detrás dos resultados poda ser facilmente interpretado e ilustrado (Kangas e Kangas, 2005). Segundo Sheppard e Meitner (2005) os procesos públicos que presentan alternativas de escenarios futuros con visualizacións defendibles, poden transmitir unha considerable información de forma rápida e relativamente sinxela. Nesta mesma liña, Higgs *et al.* (2008) poñen de relevo o potencial dos enfoques con novas tecnoloxías na participación pública, en particular para demostrar as posibilidades de utilización de sistemas de información xeográfica (SIX) que permiten incorporar preocupacións e preferencias no proceso de toma de decisións. Un caso concreto do uso das novas tecnoloxías é a utilización do apoio á decisión coa ferramenta informática Mesta (www.mesta.metla.fi) no proceso participativo na Laponia finlandesa no que os participantes se viron obrigados a combinar as súas preferencias cas posibilidades reais de produción das rexións de planificación (Hiltunen *et al.,* 2009).

Táboa 1: métodos e ferramentas nas distintas fases da participación pública

Fase	Métodos	Ferramentas	Exemplos	Modelos	Referencias
Organizacion	Xurados populares			Fóruns públicos	McDaniels & Roessler 1998
	Reunións públicas				
	Grupos traballo	Ferramentas baseados en NT	Mesta		Hiltunen *et al.* 2009
	Métodos informais				
	Métodos formais				
Intelixencia	Enquisas	Ferramentas baseados en NT	Mesta, Monsu GIS Internet	Grounded theory	Domínguez 2008
	Mapa cognitivo			AHP	Ananda & Herath 2008
	Entrevista			SWOT e AHP	Silvennionen *et al.* 2001
	Chuvia ideas			FCM	Mendoza & Prabhu 2006
	Workshop			SE	Sugimura & Howard 2008
	Método Delphi			Método Q	Swedeen, 2006
Deseño	Chuvia ideas	Simuladores forestais	Mesta	Enfoques difusos	Mendoza & Martins 2006
	Working group	Ferramentas de optimización	SODA	Enfoques blandos	Purmono *et al.* 2004, Hjortsø *et al.* 2004
	Problem structure methods	Programas Heurísticos	SADIOR, DTRAN, MONSU, MONTE	Enfoques integrados	Belton & Stewart, 2002, Kangas *et al.* 1996
	Método Delphi			Modelo integrado	Mendoza & Prabhu 2005
	Workshop			Escenarios Comparados	Côté & Bouthillier 2002
Elección	Método da votación	Ferramentas de optimización		Social choice theory	Kangas *et al.* 2006
	Método da negociación				Laukkanen *et al.* 2005
					Martin *et al.* 1996
		Ferramentas MCDA		MCDA	Mendoza & Martins 2006
				MCDM	Díaz-Balteiro & Romero 2008
Seguimento				Hyerarchical Valuation Scheme (HVS)	Dovie 2003



García Fernández-Velilla *et al.* 2012

A APLICACIÓN DA PARTICIPACIÓN PÚBLICA

Segundo Pülzl e Rametsteiner (2002) existen tres modos de gobernanza nos programas forestais nacionais:

- ***Modo anárquico:*** os gobernos toman as súas decisións sen prestar moita atención á sociedade.
- ***Modo xerárquico:*** inspírase polas ideas tecnocráticas. Segue unha lóxica vertical da interacción.
- ***Modo heterárquico:*** inspírase na cooperación e nas ideas de deliberación. A interacción entre actores non segue unha lóxica horizontal ou vertical como os outros. Neyer (2001) afirma, que neste último modo de goberno a inclusión e a participación son fundamentais e búscase o consenso.

Segundo Atmis *et al.* (2007) a participación no sector forestal aparece en dúas formas básicas 1) Nunha parte de países é unha relación mutua entre as organizacións forestais e o público, onde aos grupos de interese se lles permite participar na planificación e execución de diversos etapas, garantindo unha estrutura transparente, eficaz e áxil. 2) Noutros países, porén, a participación considérase como un proceso da transferencia do dereito de xestionar os bosques de propiedade estatal para grupos de usuarios suxeitos a certas restricións. No traballo de Sell *et al.* (2006) onde se realizou unha enquisa a 45 expertos que representan grupos clave de América Latina e Europa, sobre a súa participación en proxectos de silvicultura tropical que proporcionan servizos ambientais, atopáronse diferencias significativas dependendo da procedencia dos participantes (europea ou latinoamericana).

Atendendo as clasificacións anteriores e tendo en conta a gran diversidade de traballos que abordan a aplicación recente da participación pública no territorio (figura 2), propoñemos dividir os distintos casos en dous grupos: i) os territorios de participación ortodoxa que seguen un esquema similar, baseado na lexislación ou documentación técnica, avanzando cara a modos heterárquicos de relación mutua. ii) Os territorios de participación heterodoxa onde se están dando pasos en distintas vías para a consecución efectiva da participación, dun xeito máis improvisado e orientado a casos específicos.

Pasaremos a detallar algún dos exemplos máis salientables de cada un dos grupos.

Territorios de participación ortodoxa

Destaca o gran desenvolvemento da participación pública que se ten dado nos países nórdicos. En Finlandia, a planificación participativa foi na súa maioría aplicada nas terras do estado (un terzo de todas as terras forestais en Finlandia), que se rexen por Metsähallitus (Hiltunen *et al.* 2009), pero tamén foi aplicada polos municipios de gran tamaño como a cidade de Helsinki (Sipilä e Tyrväynen, 2005). Nalgúns casos, o uso da participación na planificación esíxeo a lexislación (Kangas *et al.,* 2006). Os traballos que avalían a participación pública en Finlandia indican que as novas formas de participación se tiveron en conta e están moi en liña co discurso da política forestal de Finlandia (Primmer e Kyllönen, 2006). O estudo de dous casos da participación local para a xestión e planificación da paisaxe en Suecia amosan o desenvolvemento de acordos e as solucións que se consideran como respectables, lexítimas e robustas, o que confirma moitos dos achádegos en investigacións anteriores (Stenseke, 2009). As principais conclusións do estudo de Aasetre (2006) sobre a participación pública en Noruega son: 1) sistemas de manexo forestal que non inclúe a participación formal do público nun nivel xeral 2) a participación do público existe nalgúns procesos específicos e casos 3) o patrón actual da comunicación e a participación entre as partes interesadas reflexa unha distribución estrutural do poder e os intereses en conflito; polo que a participación formal que se está a dar non é verdadeira garantía de cambio.

No resto de países europeos o emprego da participación é relativamente recente, atopando grandes diferenzas entre territorios. Penker (2009), conclúe tras a meta-análise de dez proxectos de investigación sobre a paisaxe en Austria que a poboación local (re)negocia e (re)interpreta as regulacións da Administración de acordo ás súas necesidades. En Irlanda, o estudo de Dhubáin *et al*. (2009), recomenda unha maior participación da comunidade na planificación das propostas de forestación como un medio de mellorar a consulta e para axudar a disipar as percepcións negativas. En Portugal, as zonas de intervención forestal (ZIF) establecéronse como un caso especial de planificación participativa no que as partes interesadas comparten a toma de decisións e a planificación na vez de proporcionar simplemente información e validar solucións (Martins e Borges, 2007). Existen outros traballos relacionados coa participación pública en Reino Unido (Weldon, 2004) e Hungría (Selman, 2004).

A eficacia da participación pública está sendo estudada recentemente, obtendo resultados variables en Norteamérica. Así no caso de Ontario (Canadá) Hunt *et*

al. (2006) estableceron catro criterios relacionados coa eficacia da participación pública (a confianza nos tomadores de decisións, a información, a credibilidade e a eficacia do proceso). Segundo Côte e Bouthillier (2002) a participación do público nos procesos de participación da rexión de Haute-Mauricie, (Quebec - Canadá): 1) fomentou unha mellor información entre as partes interesadas; 2) produciron cambios na planificación forestal; 3) diminuíu a desconfianza entre os interesados locais, e 4) reduciu os conflitos negativos potenciais nesta rexión. No centro de Labrador (Canadá) desenvolveuse conxuntamente entre diversos expertos e a poboación local un modelo de simulación de manexo forestal (SELES: simulador de análise espacial de eventos), a escala da paisaxe (Sturtevant *et al.,* 2007), chegándose á conclusión que se produciron cambios de actitudes; proporcionando a longo prazo unha mellor comprensión dos profesionais e o resto de usuarios dos bosques (Berminger *et al.,* 2009). Na Columbia Británica, no distrito forestal de Arrow, realizouse un estudo piloto con escenarios de alternativas de manexo forestal presentadas en visualizacións 3D a grupos de interesados que foron coincidentes coas preferencias establecidas polos expertos (Sheppard e Meitner, 2005).

Os resultados do estudo de Germain *et al.* (2001) sobre a participación cidadá no servizo forestal dos Estados Unidos (USDA) establecen que os participantes están insatisfeitos coa equidade do proceso da participación pública e desexan enfoques máis colaborativas, pero non sempre están dispostos a exercer adecuadamente o proceso, moitas veces optando por cumprir os seus obxectivos a través de reaccións baseadas en conflitos. Scardina *et al.* (2007) realizaron unha investigación cualitativa nos bosques nacionais de Virginia (EEUU) para examinar o comportamento na participación pública e os efectos de esta na execución dos proxectos, concluíndo que a súa posta en marcha víuse afectada por diversas causas: *a natureza dos participantes, o calendario da participación, a falta de estandarización do proceso.* Dolisca *et al.* (2006) aplicou a teoría do intercambio social examinando un estudo dos agricultores da reserva Foret des Pins (Haití), onde se propón unha maior participación local na ordenación forestal como alternativa as anteriores estratexias de xestión. Existen outros traballos relacionados coa participación pública que ofrecen outras visións interesantes en EE.UU. (Leach, 2006) e Canadá (Bouin, 1998; Lecomte *et al.,* 2005; Steward e Sinclair, 2007). Diversos estudos teñen abordado a participación pública en Australia (Buchy e Hoverman, 2000; Sobels *et al.,* 2001)

Territorios de participación heterodoxa

Nos territorios de participación heterodoxa existe unha aplicación aínda pequena da participación pública. As metodoloxías aplicadas foron moi diversas e dependentes das características sociopolíticas existentes no territorio.

En Xapón, Sugimura e Howard (2008) aplicaron nas rexións de Rokko e Shiso unha metodoloxía que incorpora factores sociais no proceso de zonificación, en concreto na revisión da calidade de sitio (SQA) e o seu valor ponderado xunto coa avaliación social (SE). Os mecanismos de participación do público xaponés están moi por detrás en comparación con outros países, sendo a situación comparable coa de Estados Unidos na década de 1970 (Sugimura e Howard, 2008). A participación pública no sector forestal en Turquía é incipiente e dependentes da propiedade (maioritaria do Estado); ademais falta consenso sobre o contido para a súa aplicación; precisa de reformas e axustes nas leis e organizacións forestais actuais; non hai sistemas de incentivos para fomentar a participación na toma de decisións; non é coñecida polo público, e moito menos aceptada (Atmis *et al*., 2007). No Kirguistán (Asia Central, país da ex URSS), aplicouse o modelo mixto (proceso interactivo e réxime de participación) como base para o proceso de reforma da política forestal, levándose a cabo despois de 5 anos unha re-definición dos procedementos de participación relacionados cunha reconstrución da autoridade da administración forestal (Kouplevatskaya-Yunusova e Buttoud, 2006).

Dovie (2003) realizou un estudo de caso sobre o uso dos recursos secundarios dos bosques nas zonas rurais de Sudáfrica a través da participación local empregando o sistema xerárquico de valoración (HVS). En Kenia, Kiptot (2007) aplicou nun estudo de caso o enfoque do comité da aldea, explorando os problemas da aprendizaxe participativa, concluíndo que foi difícil acadar unha verdadeira participación e que as redes sociais informais foron moi eficaces. En Etiopía desenvolveuse un proxecto forestal participado en Chilimo, área prioritaria para proxectos de enfoque participativo (Kassa *et al.,* 2009). En Camerún *Oyono et al.* (2005) recomenda a redución da distancia entre a toma de decisións e os beneficiarios, a rendición de contas, os mecanismos de «abaixo a arriba» para o diálogo público na xestión forestal. Na India o valor do coñecemento local foi recoñecido a través de políticas como a política social forestal dos anos 1970 e 1980 e xestión forestal conxunta na década de 1990 (Martin, 2002). Segundo Salam e Noguchi (2006) a ordenación forestal participativa en Bangladesh fíxose a estratexia dominante no sector

forestal do país. En Nepal, Ojha *et al* (2009) estudaron como e en que medida os diversos actores participan nos procesos de deliberación. Concluíron que certos grupos seguen dominando na toma de decisións prácticas. En Bolivia estanse dando cambios para aumentar o control do sector forestal por parte das comunidades locais, no esforzo de incluír o manexo forestal comunal dentro da nova gobernanza dos recursos naturais na amazonía boliviana (Jong *et al.,* 2006).

As referencias da participación pública

As distintas referencias bibliográficas consultadas nesta tese vinculadas coa participación pública na planificación forestal confirman que se atopan concentrados nun número reducido de países (Norteamérica e países nórdicos principalmente) e no século XXI (figura 2).





Figura 2: referencias bibliográficas da participación pública forestal polos distintos territorios na figura superior e súa evolución no tempo na figura inferior



OBXECTIVO

Esta tese ten como obxectivo desenvolver, validar e cuantificar en termos de calidade e custe unha metodoloxía de participación pública nos procesos de planificación forestal táctica para Galicia que responda as cuestións básicas de quen, como e cando participar.

O traballo de posta en marcha do plan forestal participativo de Fonsagrada-Os Ancares, que serve de validación da metodoloxía proposta permitiu incorporar as achegas e decisións da poboación civil ao proceso técnico de elaboración de documentos de planificación forestal táctica de carácter territorial.

Inicialmente fíxose unha revisión do estado da arte sobre o obxectivo de estudo (artigos I, II e III). A análise deste proceso (eficiencia e eficacia, medidas en termos de participación, representatividade e custe) deu como resultado final do traballo unha metodoloxía de aplicación para o conxunto de Galicia que sirva de referencia para definir o que, o como, e o cando do proceso participativo (artigos IV, V e VI).

Se nun campo de fútbol xogáramos sempre desde as esquinas, nunca podería existir partido. No eido da participación pública temos que conseguir que as persoas interesadas deixen as esquinas e pasen a xogar ao medio campo.

Polo miúdo os obxectivos parciais son (puntos tratados nos artigos):

ARTIGO I: A PARTICIPACIÓN PÚBLICA NA PLANIFICACIÓN FORESTAL. UNHA OPORTUNIDADE OU NECESIDADE PARA A SÚA APLICACIÓN EN GALICIA (GALEGO)

Como principais resultados:

- Finalidade da participación pública
- Imbricación entre o técnico e o social
- Os puntos de partida (preferencias, necesidades, tipos, fases)
- Pros e contras da participación pública
- A súa aplicación en Galicia

ARTIGO II: LA PARTICIPACIÓN PÚBLICA COMO NECESIDAD EN LA PLANIFICACIÓN FORESTAL (ESPAÑOL)

Como principais resultados:

- A participación pública no sector forestal
- Estudio de casos. A súa aplicación no territorio

ARTIGO III: PUBLIC PARTICIPATION: A NEED OF FOREST PLANNING (INGLÉS)

Como principais resultados:

- Antecedentes e evolución da participación pública na planificación forestal
- Bases para o éxito da participación pública no sector forestal
- Modelos, métodos e ferramentas
- Métodos e ferramentas baseadas en internet

ARTIGO IV: THE CHALLENGE OF STAKEHOLDER REPRESENTATIVITY IN FOREST PLANS: A METHODOLOGICAL PROPOSAL (INGLÉS)

Como principais resultados:

- Metodoloxía de difusión
- Análise de stakeholders
- Adaptación da estratexia
- Apertura do proceso
- Custe e esforzo da difusión

ARTIGO V: PLANIFICACIÓN FORESTAL PARTICIPADA: COMO OBTENER CONOCIMIENTO (ESPAÑOL)

Como principais resultados:

- Metodoloxía para obter coñecemento
- Uso de criterios e indicadores na participación pública
- Resultados da aplicación dos cuestionarios no plan forestal

ARTIGO VI LA PLANIFICACIÓN FORESTAL PARTICIPADA COMO BASE DE LA GOBERNANZA RURAL (ESPAÑOL)

Como principais resultados:

- Detalle do proceso metodolóxico
- Resultados xerais do plan forestal distrito VII
- Conclusións para aplicación en plans forestais

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

MATERIAL E MÉTODOS

Como material de campo para a análise de resultados desta investigación cóntase con numerosa información do proceso de participación pública que se desenvolveu entre finais de 2008 e mediados de 2009 no Plan de Ordenación de Recursos Forestais (PORF) do distrito VII A Fonsagrada-Ancares (anexo VII); onde se probou unha metodoloxía concreta de participación pública.

Tendo en conta o exposto con anterioridade a actual tese de doutoramento formúlase secuenciada en 4 etapas.

Revisión inicial

A primeira das etapas de tese foi a de facer unha revisión da literatura científica vinculada á participación pública na planificación forestal. Realizouse unha revisión de 176 referencias científicas agrupadas en 20 publicacións distintas. O resultado deu lugar aos artigo I, II e III.

Cando?

A segunda etapa trata de analizar e avaliar o momento oportuno para realizar a participación pública e os seus elementos claves, centrados no inicio coa fase de difusión. O resultado deu lugar ao artigo IV.

Quen?

A terceira etapa pretende afondar na representatividade das persoas participantes no proceso de participación pública e analizar a composición dos integrantes neste proceso. O resultado deu lugar aos artigos IV e V

Como?

Na última etapa realízase unha proposta metodolóxica concreta para os procesos de participación pública vinculados á planificación forestal. O resultado deu lugar a este documento e aos artigos V e VI.

ÁREA DE VALIDACIÓN: DISTRITO FORESTAL VII: FONSAGRADA-OS ANCARES

O distrito forestal Fonsagrada-Os Ancares (figura 3) situada en la zona oriental de Galicia, ten unha superficie de 1.728 km^2, distribuídos en nove concellos (A Fonsagrada, As Nogais, Baleira, Baralla, Becerreá, Cervantes, Pedrafita do Cebreiro e Negueira de Muñiz). Trátase dunha zona rural, onde a poboación total ascende a 19.111 habitantes (INE, 2007) cunha densidade de 11,06 habitantes/km^2, un reparto desigual entre concellos e moi por debaixo dos 116 habitantes/km^2 da media europea, o que o converten nun territorio predominantemente rural (OCDE, 1994).




Figura 3: situación distrito VII

Na actualidade, a característica principal deste territorio que explica a súa situación actual e perspectivas futuras, é o proceso de despoboamento profundo o que está sometido. En datos, desde o ano 1900 ata o ano 2007 a poboación do distrito pasa de 60.343 a 19.111 habitantes, o que supón unha redución a menos da terceira parte. A partir da década de 1950 é cando se produce unha forte inflexión na tendencia decrecente da poboación ata a actualidade. A figura 4 reflicte esta perda poboacional por parroquias entre 1960-2007. Desde o ano 1960 todas as parroquias do distrito perderon poboación, agás as cabeceiras municipais de Baralla, Becerreá e A Fonsagrada que aumentaron a súa poboación. A maior parte das parroquias perderon máis do 50% da súa poboación, sendo a porcentaxe media de perda do 61%.

As causas específicas que explican é o feito de ser un terreo de montaña con escaseza de servizos e oportunidades económicas que substitúan a unha agricultura e gandería con dificultades de supervivencia.




Figura 4: evolución densidade poboación por parroquias

A figura 5 amosa a pirámide de poboación para o distrito. Trátase dunha pirámide de poboación regresiva, característico de poboacións que tenden ao envellecemento, xa que presenta unha base estreita e unha porcentaxe de anciáns relativamente grande. Resultado, unha poboación envellecida con baixas taxas de natalidade e cun decrecemento natural.




Figura 5: pirámide de poboación do distrito VII (INE, 2007)

O comportamento futuro da poboación (táboa 2) amosa unha situación cunha perda moi acusada de poboación incluso no escenario máis optimista (Marey-Pérez *et al.,* 2009).

A taxa de actividade da poboación do distrito (45,5%) e a taxa de ocupación (39,9%) son inferiores a taxa de actividade e de ocupación da provincia de Lugo (47,9% e 42,8% respectivamente) e de Galicia (50,7% e 44,3% respectivamente). Estas datos enlazan directamente cos demográficos subliñados anteriormente.

Táboa 2: comportamento da poboación por concellos

Comportamento futuro da poboación

Concello	Ano	Escenario tendencial	Escenario pesimista	Escenario optimista
Baleira	2012	1.582	1.525	1.648
	2025	1.480	1.208	1.678
	2050	1.339	719	1.909
Baralla	2012	2.741	2.691	2.831
	2025	2.035	1.962	2.326
	2050	1.113	1.069	1.604
Becerreá	2012	3.012	2.930	3.096
	2025	2.377	2.138	2.846
	2050	1.359	1.165	2.905
Cervantes	2012	1.726	1.680	1.774
	2025	1.481	1.258	1.688
	2050	1.225	685	1.527
Fonsagrada, A	2012	4.427	4.358	4.497
	2025	3.630	3.337	4.025
	2050	2.345	1.823	3.689
Navia de Suarna	2012	1.413	1.390	1.464
	2025	1.112	1.061	1.372
	2050	794	674	1.713
Negueira de Muñiz	2012	219	214	225
	2025	212	200	254
	2050	204	181	437
Nogais, As	2012	1.328	1.304	1.353
	2025	1.106	1.009	1.249
	2050	806	565	1.219
Pedrafíta do Cebreiro	2012	1.287	1.270	1.309
	2025	1.131	1.036	1.231
	2050	983	667	1.115

Observacións.-
Fonte: IDEGA, 2008
Datos: -

A partires de datos de INE consultados, observouse que as actividades relacionadas co sector primario, entendendo como primario as actividades de agricultura, gandería e forestal, teñen unha importancia (45,79%) moi por encima da media da provincia de Lugo (21,67%) e de Galicia (7,66%) sendo o sector secundario o menos relevante (5,90%).

Esta área está caracterizada pola presenza de pequenos propietarios forestais (Marey-Pérez e Rodríguez-Vicente, 2008; Rodríguez-Vicente e Marey-Pérez, 2008 e 2010), explotacións agrarias (Álvarez-López *et al.,* 2008; Riveiro-Valiño *et al.,* 2008 e 2009) e un mosaico de terras de cultivo e de bosques (Díaz-Varela *et al.,* 2009 e 2009b). Nos últimos 50 anos perdeu o 60% da súa poboación, o que favoreceu o incremento da superficie forestal ata acadar o 80% da superficie total (Marey-Pérez e Rodríguez-Vicente, 2008). A partir do ano 2004 implantáronse figuras de protección ambiental que supoñen na actualidade o 40,3% da superficie (figura 6), cunha previsión de aumentar nos próximos anos (Xunta de Galicia, 2008; Marey-Pérez *et al.,* 2012).

O principal problema ambiental e forestal da zona son os incendios forestais (Fuentes-Santos *et al.,* 2013). Entre 1991 e 2008 rexistráronse 4.764 incendios forestais na rexión e ardeu unha superficie de 19.777 hectáreas. A maioría dos incendios rexistrados foron causados polas actividades humanas, e a maioría determináronse como incendio intencionado (87%) queimando un total de 15.398,56 hectáreas (Fuentes-Santos *et al.,* 2013).




Figura 6: figuras de protección no distrito VII

A relevancia industrial dentro do distrito é mínima, dado que as poucas empresas existentes constan de 1 a 9 empregados, e soamente existe unha con máis de 50 traballadores situada no concello de A Fonsagrada.

En referencia ao nivel de formación no distrito obsérvase que a taxa de analfabetismo (2,5%) sitúase por riba da media de Lugo e Galicia (2,1%), sendo Cervantes o concello coa taxa máis alta. Outro dato de interese é que máis da metade da poboación do distrito (66%) non posúe estudos elementais e só un 4,4% teñen estudos universitarios; este último dato é moi baixo se temos en conta que en Lugo e Galicia o 9,2% e o 10,7% da poboación posúen estudos universitarios. A falta de formación é considerada como un dos principais inconvenientes para a xestión das explotación individuais, factor que se agrava coa avanzada idade da poboación.

Tradicionalmente, o uso forestal tivo unha gran importancia dentro do distrito, tanto de orde superficial coma económico. Na actualidade, debido ao continuado abandono das terras e envellecemento da poboación, tanto a actividade agraria como a forestal caeu en desuso; por outra banda as prácticas que se están a realizar non son as máis eficientes de cara a un aproveitamento eficiente dos recursos.

Tomando como fonte o Segundo Mapa Forestal de España, estímase que o total da superficie forestal é de 134.313,67 ha, o que supón o 77,7 % da superficie total do distrito, poñendo así de manifesto a importancia da realización do plan forestal. Un total de 49.381 ha permanecen totalmente desarboradas, o que supón o 36,8 % do total da superficie forestal, considerándose este como un porcentaxe moi elevado.

Dentro da superficie arborada é preciso facer unha distinción entre o que representa bosques naturais ou de repoboación totalmente integrada e con uso netamente forestal, e por outra banda bosques de plantación onde aparecen visibles os marcos de plantación ou outros elementos que delaten a súa orixe artificial. Estes últimos supoñen un total de 24.151,76 ha, maioritariamente de *Pinus sylvestris* e *Pinus radiata*, e nas zonas menos elevadas; fronte as 60.780,58 ha de bosque natural, destacando as masas de *Quercus robur* e os piñeirais de avanzada idade de *Pinus pinaster*.

A propiedade forestal é de natureza privada, ben individual ou ben colectiva. Este último tipo de propiedade representa o 44,6 % do total da superficie forestal, e localízanse principalmente nos concellos sur orientais do distrito: Pedrafita do Cebreiro, As Nogais, Cervantes e Navia de Suarna. Destácase, así, o papel fundamental que xogan os montes veciñais en man común (M.V.M.C.) neste territorio debido ao alto potencial que adquiren pola súa ampla extensión (superficie media), a cal representa unha característica idónea para o seu aproveitamento forestal e unha gran capacidade económica, así como unha xestión integrada e profesional. En torno a un 40 % da superficie comunal está xestionada pola administración mediante consorcios e convenios. Nos MVMC a porcentaxe de superficie arborada é menor que para montes particulares individuais, posto que normalmente se corresponden coas zonas máis elevadas, con maior pendente e con solos de peor calidade para a produción forestal.

Finalmente, débese ter en consideración o alto valor ecolóxico, ambiental, recreativo, paisaxístico e social que presenta a zona. Dentro do distrito están incluídos algúns dos espazos naturais que conforman a Rede Natura 2000, fundamentalmente o LIC Ancares (figura 6). É preciso sinalar tamén a zona protección do oso pardo, especie protexida, dentro dos concellos de Cervantes e Navia de Suarna; así como a Reserva Nacional de Caza, dentro do concello de Cervantes.

PLAN FORESTAL DO DISTRITO VII

O plan forestal do distrito VII Fonsagrada-Os Ancares, desenvolveuse entre mediados de 2008 e finais de 2009 (figura 7). Contou co desenvolvemento de tres fases paralelas: *a redacción técnica do plan, o proceso de participación pública e a avaliación ambiental estratéxica.*

O obxecto deste plan foi o de organizar no espazo e no tempo toda aquela actividade que se desenvolva sobre terreos forestais a partir dunha axeitada análise e diagnóstico do ámbito territorial. Mediante este instrumento de ordenación e planificación, definíronse as grandes liñas de actuación forestal e o modelo de monte a acadar nun futuro no distrito, na busca de evitar alteracións significativas na xestión forestal da zona e acadar a maior implicación posible de tódolos colectivos sociais interesados.

A elaboración do plan forestal estivo dirixida a tódolos propietarios, empresas e colectivos relacionados de forma directa co sector forestal, así como outros axentes vinculados de forma indirecta (*turismo, asociacións veciñais, asociacións ecoloxistas,...*).

As experiencias previas en participación son practicamente nulas, limitándose a fases de información pública en procesos administrativos e algunha reunión illada para a creación dun futuro parque natural na zona (Marey-Pérez *et al.,* 2009). A este feito, súmase o carácter de desconfianza dos habitantes da zona, o que aumenta as barreiras para establecer procesos participativos.




Figura 7: portada do documento do PORF

O alcance e vixencia do plan forestal é de 15 anos como instrumento de planificación forestal no marco da ordenación do territorio; desta maneira poderá ser favorable a futuros cambios no uso do solo, que sen considerarse nun instrumento de planificación estarían bastante condicionados.

De xeito esquematizado, o documento final consta con sete grandes capítulos:

- Análise e diagnóstico territorial
- Definición de obxectivos e normativa
- Planificación-zonificación e ordenación
- Implementación
- Estudo económico financeiro
- Participación pública
- Avaliación ambiental estratéxica

RESULTADOS

ESQUEMA XERAL DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA NUN PLAN FORESTAL

O desenvolvemento das paisaxes rurais é un desafío importante para a planificación e pon un alto grado de responsabilidade nas mans dos que toman as decisións. Pero a planificación exitosa depende da aceptación do público e polo tanto dos intereses das partes interesadas xogan un papel crucial (Tress e Tress, 2003). Para alcanzar o anterior, na planificación dos recursos naturais, é necesario que avancen de forma paralela tres procesos: *redacción técnica, avaliación ambiental e participación pública* (figura 1).

O resultado da participación pública que acompañará ao conxunto do proceso de planificación pode estruturarse en tres fases sucesivas: *difusión, debate e propostas*, (figura 8). Con relación ás dúas últimas fases, debate e selección de propostas, existen numerosas referencias, especialmente no emprego das técnicas de MCDA (Multiple Criteria Decision Analysis), descritas por Hwang e Yoon (1981) e que foron empregadas por autores como: Pykäläinen *et al.* (1999), Kangas *et al.* (2001), Ananda e Herath (2003a); Ananda e Herath (2003b),




Figura 8: fases xerais da participación pública

Maness e Farrell (2004), Laukkanen *et al.* (2004), Sheppard e Meitner (2005), Pykäläinen *et al.* (2007), Hiltunen *et al.* (2008), Hiltunen *et al.*(2009).

Moito menos estudada, pero clave no éxito do proceso é a fase de difusión. Desta fase inicial dependen os principios fundamentais para o éxito do proceso participativo indicados por Nordström *et al.* (2010) de forma que a poboación se interese en participar desde o comezo do proceso.

FASE DE DIFUSIÓN

Tendo en conta a importancia que ten esta fase dentro do proceso participativo, nesta tese realizamos unha proposta metodolóxica concreta que se divide en catro etapas (figura 9):

- análise dos stakeholders,
- adaptación da estratexia,
- intensificación da comunicación, e
- apertura do proceso.




Figura 9: etapas de difusión nos procesos participativos

Análise dos stakeholders.

En primeiro lugar realízase unha caracterización dos axentes implicados. Para isto tense en conta os dereitos de propiedade actuais, a historia dos procesos de planificación na zona, e o coñecemento previo do funcionamento do marco social. Con posterioridade establécense os seguintes criterios de clasificación:


- importancia dos distintos axentes implicados na elaboración e xestión do plan,
- experiencia en participación,
- necesidade de representación sectorial e territorial.

Como resultado, as categorías propostas dos distintos stakeholders son (figura 10):

- propiedade,
- uso de recursos sobre o territorio, e
- regulador(es) da(s) actividade(s).

Sobre as categorías elíxense os grupos concretos de cada territorio de acordo aos criterios establecidas. Desta forma, os stakeholders xéranse a través dun proceso dirixido no que non existe aleatoriedade e permite facer unha posterior difusión dirixida a aqueles grupos de interese máis representativos. Fíxase como obxectivo un número mínimo de participantes, distribuídos tanto por sectores como por territorio.

Figura 10: categorías xenéricas de stakeholders



Adaptación da estratexia

Unha vez identificados os stakeholders, a difusión debe realizarse en dous tipos de estratexias complementarias e coordinadas:

- **Xenérica**; na que se establece unha mensaxe simple a través de medios de difusión para o conxunto dos grupos de interese e fundamentado en dúas accións principais: 1) anunciar o comezo do proceso de participación pública a través das canles de comunicación, información e difusión de eventos existentes no territorio; 2) reunións informativas e divulgativas a escala local.
- **Específica**; adaptada a cada stakeholder. Consta de tres partes: 1) identificación de líderes e representantes de cada un dos grupos de interese; 2) elaboración dunha mensaxe específica para cada grupo, e coordinada coa mensaxe xeral; 3) sistema de comunicación que garanta a recepción da mensaxe por parte dos representantes.

A figura 11 representa as dúas primeiras partes da estratexia específica. As letras (A, B, C, D, E) representan os distintos stakeholders. O tamaño representa o peso numérico de cada un dos stakeholders. A superposición representa a existencia dunha parte de individuos que pertencen a dous ou máis stakeholders, dado que na súa formación non se consideraron criterios excluíntes. Por último as letras MG representan a mensaxe xeral e os M1, M2, M3, . . . representan as mensaxes específicas.




Figura 11: esquema da adaptación da estratexia de difusión

Intensificación da comunicación.

Nesta fase analízanse os resultados e compáranse cos obxectivos propostos inicialmente. Como en todo proceso no que se pretende mellorar a calidade, é fundamental a revisión intermedia e a posta en marcha de accións correctoras para a súa mellora (Deming, 1986). No caso de non acadalos total ou parcialmente, establécense cambios tanto na mensaxe como no método e refórzase o proceso nas partes fallidas.

Apertura do proceso.

Una vez garantida a presenza e representación de todos os stakeholders relevantes e representativos da zona a planificar, realízase unha apertura do proceso a todas aquelas persoas que estean interesadas en participar co obxectivo de garantir un proceso democrático e aberto. Dentro desta etapa, son interesantes propostas que avanzan no uso de internet na planificación de recursos forestais e a teledemocracia (Kangas e Store, 2003)

FASE DE DEBATE

A planificación dos recursos naturais ten unha compoñente subxectiva en función das demandas da sociedade (Mendoza e Martins, 2006; Ananda e Herath, 2009). A obxectivización necesaria para o desenvolvemento dos plans de xestión necesita un proceso de interpretación destas demandas. No caso da participación pública, despois da selección adecuada de persoas e grupos representativos (Elsasser, 2007; Nordström *et al.,* 2010), deben seleccionarse aqueles ítems fundamentais para a organización da xestión nos cales a sociedade ten que chegar a un consenso (Booth e Halseth, 2011). Unha das maiores dificultades deste proceso está na comunicación necesaria para pasar do subxectivo ao obxectivo, sendo un método estándar, que reduce a complexidade e mellora a comunicación mantendo a obxectividade científica, o uso de indicadores (Doody *et al.,* 2009). Por último é necesario recoller toda a diversidade de opcións sendo necesaria unha flexibilización do proceso.

Neste sentido, na figura 12 amósase o esquema xeral do proceso no que a participación pública intervén na planificación. Inicialmente esquematízase o presente mediante documentos técnicos e divulgativos. A transformación futura necesita ser discutida e definida polos grupos de interese e o engranaxe que fai que este proceso funcione o forman os criterios e indicadores nos que se unen presente, participación pública e futuro.




Figura 12: esquema xeral da planificación participativa

Nordström *et al.* (2010) sinala aos cuestionarios como un dos métodos empregados para recoller información. Herbert e Kant (2011) considéraos válidos para obter as preferencias dos stakeholders. Resulta necesario adaptar os cuestionarios para obter información aplicable a decisións políticas e técnicas (DETR, 2000; Wolfe *et al.,* 2001; Booth y Richardson, 2001; Bickerstaff et al., 2002; Becker et al., 2003; Vantanen e Marttunen, 2005; Doody, 2009). Como exemplos exitosos, Jalilova *et al.* (2012) valida mediante cuestionarios, aplicados á poboación local, unha serie de criterios e indicadores elaborados con participación pública. Doody *et al.* (2009) utiliza o Q-method para a selección de indicadores. Coulibaly-Lingani *et al.* (2011) parte dunha serie de indicadores e mediante cuestionarios obtén información de preferencias, opinións e expectativas dun gran número de participantes.

Na figura 13 amósase o método proposto para a fase de debate dun proceso de planificación participativa . Como etapa (A) selecciónanse os criterios e indicadores a empregar. É importante que sexan recoñecidos internacionalmente (Castañeda *et al.,* 2001) permitindo a comparación de resultados con outros lugares e momentos (Hickey *et al.,* 2007). Na etapa (B) selecciónanse aqueles indicadores nos que a opinión da poboación sexa imprescindible (Sheppard e Meitner, 2005) e permita o seguimento da xestión forestal sostible (Hickey *et al.,* 2007). A conversión en preguntas que sexan comprensibles por todos os participantes (Doody

et al., 2009; Tyrväinen *et al.,* 2006) realízase na etapa (C) adaptándoa aos factores que inflúen na participación da poboación local (Coulibaly-Lingani *et al.,* 2011). Finalmente na etapa (D) adáptase a cada stakeholder aquelas preguntas específicas (Nordström *et al.,* 2010; Cantiani, 2012)




Figura 13: método de obtención de información na fase debate

FASE DE PROPOSTAS

Unha vez rematada a fase de debate onde se recolle unha radiografía da situación do territorio en función das percepcións, expectativas e visións dos stakeholders; o equipo redactor ten que realizar unha exposición de distintas alternativas que se propoñen como puntos a deseñar na futura planificación.

As distintas alternativas teñen que ser consensuadas polos distintos grupos de interese, para perfilar as propostas de planificación.

Finalmente os resultados deberán ser definidos a través de mesas de traballo que dean contestación como mínimo as seguintes cuestións xenéricas: que? como? para quen? para que? onde? (exemplo incorporado na figura 14, do plan forestal de Fonsagrada-Ancares).



Figura 14: finalidade do plan forestal Fonsagrada-Ancares

EXEMPLO: O PLAN FORESTAL PARTICIPADO DE FONSAGRADA-OS ANCARES

ESQUEMA XERAL DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA

Na figura 15 resúmese o proceso de participación pública proposto para un plan forestal de ámbito rexional e validado no distrito forestal VI Fonsagrada-Os Ancares. Este proceso comporta as tres fases principais descritas na metodoloxía proposta (figura 8), incorporando para o traballo cos participantes mesas de traballo que en función da fase van tendo distintas denominacións (mesas sectoriais, mesas territoriais, mesa xeral do plan, mesa de resultados).




Figura 15: esquema do proceso de participación pública seguido no plan forestal do distrito VII Fonsagrada-Os Ancares

FASE DE DIFUSIÓN

Análise dos stakeholders

Identificáronse un total de 12 stakeholders distintos dentro das tres categorías principais establecidas na metodoloxía. Tanto o número de categorías (3) como o número de grupos (12) son similares aos publicados por outros autores (Kangas *et al.,* (2010); Marques *et al.* (2009), Nordström *et al.* (2010); Agnoloni *et al.* (2009); Ferrettti *et al.* (2010)). Na categoría de propiedade incluíronse os grupos de propietarios forestais individuais e propietarios forestais colectivos (denominados aquí comuneiros) por ser un tipo de propiedade presente na área de validación (Marey-Pérez e Rodríguez-Vicente, 2009). Na categoría do regulador incluíronse a administración local (concellos) e a administración forestal (que depende do organismo rexional). As administracións públicas son as reguladoras do uso do

suelo e da actividade forestal. Finalmente, dentro da categoría de usuarios de recursos sobre o territorio inclúense un total de 8 stakeholders que abarcan a totalidade de usos directos ou indirectos sobre o recurso forestal: *agricultores e/ou gandeiros, apicultores, cazadores, empresas forestais, asociacións de propietarios, asociacións sen ánimo de lucro.*

Na táboa 3 amósase na terceira columna o número de persoas (físicas ou xurídicas) pertencentes a cada stakeholder e na columna catro a suma correspondente a cada categoría. Nas columnas de porcentaxes aparecen os pesos relativos de cada stakeholder e categoría. A poboación inicial está formada pola poboación obxectivo do proceso de participación pública. A análise da representatividade dos participantes de cada grupo levarase a cabo sobre esta poboación inicial.

Táboa 3: poboación por stakeholder no distrito VII

Categoría	Stakeholder	Subtotal	Total	% Subtotal	% Total
PROPIEDADE	Propietarios forestais individuais	9776	18569	42,64	81
	Propietarios forestais colectivos[4]	8793		38,35	
REGULADOR	Administración local	9	241	0,04	1,05
	Administración forestal	232		1,01	
USUARIO RECURSOS	Agricultores ou Gandeiros	1983	4116	8,65	17,95
	Cazadores	1363		5,95	
	Apicultores	439		1,91	
	Empresa forestal local	53		0,23	
	Outras empresas relacionadas	110		0,48	
	Asociacións propietarios forestais	3		0,01	
	Colectivos ecoloxistas	165		0,72	
	Colectivos sen ánimo de lucro				
TOTAL		22.926	22.926	100 %	100 %

Establecéronse dous criterios de validadación dos resultados. O primeiro consiste na fixación dun límite mínimo de representación no 1% para cada stakeholder e cada concello. O segundo realízase comparando os resultados obtidos mediante unha proba T para mostras dependentes (Sheskin, 2011) cunha distribución teórica de pesos para cada stakeholder. Para a realización da análise estatística empregouse o programa R na versión 2.5.2. (R development Core Team, 2008).

A táboa 4 amosa os resultados obtidos tanto para a distribución real como a teórica inicialmente asignada como obxectivo.

Na táboa 5 amósanse os resultados do test t de Student observando que non existen diferenzas significativas de comportamento entre a proposta de distribución teórica e a real ou final, o que indica que a metodoloxía foi validada con éxito.

Táboa 4: poboación por stakeholders no distrito VII

GRUPOS	% representantes	
	Real	Teórico
Propietarios	44,55	39
Comuneiros	26,73	36
Agricultores ou Gandeiros	14,52	9
Cazadores	2,64	6
Apicultores	0,33	2
Empresa forestal local	3,3	1
Outras empresas relacionadas	0,33	1
Administración local	0,33	1
Administración forestal	2,97	2
Asociaciones propietarios forestais	1,98	1
Colectivos ecoloxistas	0,99	1
Colectivos sen ánimo de lucro	1,32	1
Total	**100**	**100**

Táboa 5: resultados do test T de Student

	Diferencias relacionadas						
				95% do intervalo de confianza para a diferencia			
	Media	Desv. Tip.	Error típ. da media	Inferior	Superior		Media
Reais e Teóricas	-0,0008	3,925	1,1331	-2,4948		Reais e Teóricas	-0,0008

Adaptación da estratexia

Dentro da estratexia xenérica celebráronse reunións en cada concello. Para a convocatoria destas reunións procedeuse á colocación de 466 carteis (figura 17) distribuídos por 425 entidades que supoñen o 43 % dos núcleos de poboación (exemplo na figura 16). Esta etapa de difusión reforzouse coa distribución de 1600 trípticos informativos que se colocaron nos puntos máis accesibles para a poboación existente na zona (centros de saúde, oficinas da administración, …). Na táboa 6 aparecen reflectidos os datos de asistencia en cada unha das reunións por concello. En total asistiron 453 persoas (exemplo figura 18), o que supón o 2,37% dos habitantes da área e un 2,01 % da poboación inicial.

Táboa 6: asistencia nas reunións informativas

Reunión informativa	Asistentes	Habitantes	% Concello	Pob. inicial	% pob. inicial
Baleira	44	1658	2,65	2230	1,97
Baralla	48	3034	1,58	2546	1,89
Becerreá	72	3264	2,21	3406	2,11
Cervantes	71	1844	3,85	2837	2,5
A Fonsagrada	107	4748	2,25	6317	1,69
Navia de Suarna	57	1552	3,67	1866	3,05
Negueira de Muñiz	27	222	12,16	532	5,08
As Nogais	16	1421	1,13	1552	1,03
Pedrafita do Cebreiro	11	1368	0,80	1240	0,89
TOTAL	**453**	**19111**	**2,37**	**22526**	**2,01**




Figura 16: distribución de carteis no concello de Cervantes

Dentro da estratexia específica, nun primeiro momento mantívose unha reunión coa administración local nas que se lles informou da posta en marcha do plan forestal e se solicitou a súa cooperación para todo o proceso participativo. A continuación enviáronse 329 cartas con acuse de recibo (garantía de recepción) dirixidas aos representantes dos grupos de interese das categorías de propiedade e usuarios.



Figura 17: cartel anunciador do plan forestal do distrito VII

Intensificación da comunicación

Coa análise dos resultados da fase anterior detéctase a escasa representación de dous concellos (As Nogais e Pedrafita do Cebreiro). Decídese reforzar a estratexia de difusión nestes mediante un novo proceso de difusión e a convocatoria dunha nova reunión informativa. O resultado amósase na táboa 7.

Táboa 7: asistencia nas segundas reunións informativas

Reunión informativa	Asistentes	Habitantes	% Concello	Pob. inicial	% pob. inicial
As Nogais	24	1421	1,69	1552	1,54
Pedrafita do Cebreiro	2	1368	0,15	1240	0,16

Con este novo proceso conséguese incrementar de forma importante a porcentaxe total de asistencia no concello de As Nogais (2,57 %), entanto que no caso de Pedrafita do Cebreiro a resposta da poboación segue sendo escasa (1,10 %) e no límite establecido como obxectivo de representación territorial.



Figura 18: reunión informativa en A Fonsagrada

Apertura do proceso.

Púxose en funcionamento con data 22 de decembro de 2008 ata o 28 de agosto de 2009 a páxina web www.planforestaldistritovii.com que obtivo un total de 2.271 visitas, 9,16 visitas/día, 1.030 usuarios distintos (5% da poboación do distrito) e unha media de tempo de visita no sitio de 5´26´´ (detalle na figura 19).




Figura 19: detalle visitas páxina web plan forestal

A partir da finalización da fase de difusión, comezou a inscrición no proceso participativo. Un total de 303 inscritos (1,32 % da poboación inicial), detallándose os resultados por concello (nivel territorial) na táboa 8 e por grupo de interese (nivel sectorial) na táboa 9

Táboa 8: inscritos no proceso participativo por concellos

Concello	Apicultor	Cazador	Comuneiro	Empresa	Ecoloxista	Mesa territorial	Admon.	Propietario	Gandeiro	TOTAL
Baleira		1	2					7	1	11
Baralla			4					1		5
Becerreá			3	2		2	3	9	4	23
Cervantes			7	1				9	1	18
A Fonsagrada		1	4				1	8	3	17
Navia de Suarna	1		6			1		4		12
Negueira de Muñiz			12			1		2	1	16
As Nogais			9			1		8		18
Pedrafita do Cebreiro			3					1		4
Lugo			1		2	2	2			7
Santiago				1		1				2
Madrid					1					1
Desconocido							1			1
TOTAL	1	2	51	4	3	8	7	49	10	135

Táboa 9: inscritos no proceso participativo por stakeholder

Categoría	Stakeholders	Inscritos	%	% Pob. Inicial	Total	% Total	% Pob. Inicial
PROPIEDADE	Propietarios forestais individuais	135	44,55	1,38	216	71,29	1,16
	Propietarios forestais colectivos[a]	81	26,73	0,92			
REGULADOR	Administración local	1	0,33	11,11	10	3,30	4,15
	Administración forestal	9	2,97	3,45			
USUARIO RECURSOS	Agricultores ou Gandeiros	44	14,52	2,22	77	25,41	2,22
	Cazadores	8	2,64	0,59			1,02
	Apicultores	1	0,33	0,23			
	Empresa forestal local	10	3,30	18,87			
	Outras empresas relacionadas	1	0,33	0,91			
	Asociacións propietarios forestais	6	1,98	3,8			7,74
	Colectivos ecoloxistas	3	0,99	1,9			
	Colectivos sen ánimo de lucro	4	1,32	100			
TOTAL		303	100	-	303	100	-

Resultados do custe e esforzo da difusión

Os resultados, medidos en horas de traballo do persoal técnico situouse en 289 horas totais. Na táboa 10, aparece desagregada por etapas. Obsérvase como a etapa que maior cantidade de recursos consume, un total de 135,42 horas (47% dos recursos empregados), é a estratexia xenérica. Indicar que o esforzo de difusión na área de validación é de 0,17 horas de persoal técnico por quilómetro cadrado e de 0,95 horas por participante.

Táboa 10: custe e esforzo fase de difusión

Etapa	Esforzo (h persoal técnico)	% Esforzo
Previa	**130**	**45,00**
Elaboración esquema	40	13,84
Reunión esquema	10	3,46
Preparación difusión	80	27,69
Estratexia específica	**23,5**	**8,13**
Reunión difusión	6	2,08
Reunión inicial	4	1,38
Reunión alcaldes	4,5	1,56
Reunión distrito	3	1,04
Cartas	6	2,08
Estratexia xenérica	**135,42**	**46,87**
Reuniones informativas	13,07	4,52
Ruta colocación carteis	122,35	42,35
TOTAL	**288,92**	**100**

FASE DE DEBATE

Contouse cun total de 134 participantes válidos que completaron o proceso de participación. Na primeira etapa (A) o equipo redactor xunto coa administración forestal rexional seleccionou os criterios e indicadores panaeuropeos de xestión forestal sostible (MCPFE 2000, 2003, 2007). Na etapa (B) seleccionáronse 12 dos 27 indicadores cuantitativos e 101 descritivos iniciais, considerados esenciais para a obtención de información por medio de participación pública. Na etapa (C) elaboráronse un total de 34 preguntas que daban resposta aos indicadores seleccionados. Na táboa 11 amósanse os resultados destas dúas etapas.

Finalmente na etapa (D) deseñáronse un total de 9 modelos de cuestionarios en función dos stakeholder presentes (*propietario forestal, comuneiro, apicultor, cazador, gandeiro, grupos ecoloxistas, empresa forestal, persoal da administración e outros colectivos con vinculación ao sector forestal*). Na figura 20 amósase o esquema xeral de cuestionario, formado por 125 preguntas e estruturado en catro bloques: *perfil, opinión, problemas específicos e características da súa actividade*. Os bloques de opinión e dos problemas específicos son comúns para todos os modelos.

Táboa 11: conversión dos C&I seleccionados en preguntas

CRITERIO	INDICADOR	PREGUNTA
1	1.1.	¿Cree que a superficie forestal existente é suficiente?
	1.2.	¿Aumentar as repoblacións con especies de crecemento rápido?
		¿Aumentar as repoblacións con especies de crecemento lento?
	1.3.	¿É necesario diversificar a estrutura forestal?
		Un dos principais problemas é a fragmentación da superficie forestal, valore as solucións
2	2.4.	Valore as seguintes causas do deterioro do seu arborado
		Cando o seu arborado ten un importante dano por neve, ¿que é o que fai?
		Cando o seu arborado ten un importante dano por viento, ¿que é o que fai?
		Cando o seu arborado ten un importante dano por seguía, ¿que é o que fai?
		Cando o seu arborado ten un importante dano por rayo, ¿que é o que fai?
		Cando o seu arborado ten un importante dano por fauna, ¿que é o que fai?
		Cando o seu arborado ten un importante dano por fuego, ¿que é o que fai?
		Cando o seu arborado ten un importante dano por helada, ¿que é o que fai?
		Cando o seu arborado ten un importante dano por praga/doenza, ¿que é o que fai?
		¿O seu investimento no monte está condicionada polo risco de incendios?
3	3.5.	Para que a loita contra o lume sexa máis efectiva precísase: . . .
		¿Considera importante a xestión do monte de forma planificada?
		¿Considera que o monte ten que ser xestionado pola Administración?
		Vostede considera que o monte ten que ser xestionado pola Administración porque. . . .
		Vostede considera que o monte NON ten que ser xestionado pola Administración porque.
4	4.1.	¿Como valora vostede a mistura de especies nas plantacións?
	4.2.	Valore as principais causas de fallo nas repoblacións
	4.3.	¿Como considera que as seguintes formacións arbóreas deben estar ou non conveniadas/consorciadas coa Administración?
	4.9.	Valore a Declaración de Espazo Natural/Zona de protección
		Vostede pensa que a Declaración de Espazo Natural/Zona de protección é algo negativo, as causas son. . . :
		Vostede pensa que a Declaración de Espazo Natural/Zona de protección é algo positivo, as causas son. . . :
6	6.4.	¿Solicitou subvención para a súa actividade nos últimos 10 años?
		Valorar as axudas destinadas a súa actividade por parte da Administración
		Ordene segundo a importancia dos posibles problemas de solicitar axudas
		Ordene os motivos de non ter solicitado axudas
		Ordene as seguintes actuacións para xestionar un monte
		De cara a un futuro, valore os seguintes aspectos nos que a Administración debería invertir monte
	6.5.	O traballo no monte en comparación con outros traballos
	6.10.	Desde o punto de vista paisaxístico valore as formacións vexetais presentes na zona





Figura 20: esquema de cuestionario

O custe desta fase foi de 250 horas de persoal técnico. Corresponden á preparación dos cuestionarios 80 horas, a súa realización 50 horas e 120 horas á análise das respostas. En termos porcentuais de superficie o custe supuxo 0,14 h persoal técnico por km^2 e por persoa enquistada 1,85 h de persoal técnico. Tendo en conta a achega de Sipilä e Tyrväinen (2005) a planificación participativa require un maior investimento inicial pero mellora a calidade do proceso e pode levar a menores

Na figura 21 amósase a distribución por stakeholders e territorios dos participantes no proceso. Obsérvase que os principais stakeholders están presentes en todos os concellos. Con relación á idade dos participantes, varía desde os 22 ata os 82 anos, predominando os participantes de máis de 65 años. Con relación ao xénero, destaca que o 94 % son homes. Como ocorre noutros territorios Atmiş *et al.* (2007), cuestións culturais explican a infrarepresentación feminina. Con relación á formación, o 24% dos participantes ten estudos universitarios, normalmente os máis xóvenes, un 23 %



formación preuniversitaria e un 53 % formación básica.

Figura 21: representación territorial e sectorial

FASE DE PROPOSTAS

Na última fase mantivéronse reunións presentando os resultados a nivel sectorial e territorial; participando un total de 59 persoas. Nesta fase validáronse os resultados obtidos na fase anterior e matizáronse e concretáronse as propostas colectivas que se incluíron no plan.

Na figura 22 amósase a evolución de efectivos ao longo do proceso de participación pública para cada un dos concellos, é dicir, o número de persoas que foron ás reunións informativas, as que se inscribiron, as que cubriron a enquisa e finalmente as que asistiron á presentación dos resultados.




Figura 22: evolución participantes no proceso participativo

Os resultados do plan forestal detalláronse a escala 1:25.000 (figura 23), e a través dun SAD (sistema de apoio á decisión) poden consultarse a nivel de parcela.




Figura 23: resultado da planificación en formato planimétrico

DISCUSIÓN

Ao longo desta tese tratamos un tema aberto en relación á participación pública na planificación forestal (Buchy e Hoverman, 2000; Leskinen, 2004; Kangas e Kangas, 2005; Sheppard e Meitner, 2005; Aasetre, 2006; Mendoza e Pradhu, 2006; Primmer e Kylönenm, 2006; Sipila e Tyrväinen, 2006; Elsasser, 2007; Higss *et al.,* 2008; Sugimura e Howard, 2008; Hiltunen *et al.,* 2009; Stenseke, 2009; Kangas *et al*., 2010; Nordström *et al.* 2010). A nosa ahega contribúe a dar resposta a preguntas como: ¿quen pode e debe participar?, ¿cantas persoas totais e de cada grupo poden e deben participar?, ¿como debe realizarse a participación? e ¿canto pode ser o custe asociado a este proceso?.

Demostrouse como no territorio existen grupos de interese con posicións contrapostas que en moitos casos compiten polo uso ou aproveitamento dos recursos (Leskinen *et al.,* 2004). Que existe a necesidade de identificar cales son estes stakeholders e como deben participar no proceso de planificación (FAO, 2010). Como sinalaba Aasetre (2006) os diferentes intereses sobre os recursos obxecto de planificación deben ser a clave para a definición da estrutura de participación, en especial para que as sensibilidades que van incidir na xestión dos recursos aparezan recollidas na etapa de planificación. Na metodoloxía proposta identificamos tres categorías universais de stakeholders (propiedade, usuarios de recursos forestais e regulador). Outros autores como Kangas *et al.,* (2010) establece un total de oito; Marques *et al.* (2009), Nordström *et al.* (2010) establecen un total de catro; mentres que Agnoloni *et al.* (2009) e Ferrettti *et al.* (2010) establecen un total de dous. A estrutura de categorías debe ser o suficientemente simple para ser extrapolados a un conxunto amplo de áreas forestais. Á súa vez deben ser categorías con suficiente homoxeneidade e coherencia interna para ser representativas dos intereses de cada colectivo sobre os recursos e no seu conxunto representar a todas as sensibilidades e intereses no territorio.

A validación da metodoloxía presentada identificou na zona de estudo un total de 12 grupos de interese. Se comparamos os resultados obtidos con outros autores como Sheppard e Meitner (2009), Primmer e Kyllönen (2006), Hiltunen *et al.* (2009), Agnoloni *et al.* (2009), Marques *et al.* (2009), Kangas *et al.* (2010); observamos que presentan concordancia numérica. Este feito pode ser ocasionado porque unha porcentaxe importante de stakeholders aparecen repetidos nos diferentes territorios e momentos históricos. Este grupo común está asociado ás categorías de propiedade e regulador. O maior ou menor número de novos stakeholders está motivado pola complexidade da categoría de usuarios dos recursos forestais, que á súa vez, depende en primeiro lugar, da compoñente histórica de utilización e a importancia relativa da actividade forestal como actividade socioeconómica xunto co nivel de definición da metodoloxía de clasificación utilizada polos investigadores.

Desenvolvida a estrutura de participación, a seguinte pregunta está relacionada coa representatividade dos stakeholders. A proposta metodolóxica desenvolvida no traballo ten en conta as achegas de Janse e Konijnendijk (2007) que consideraba que o número de participantes estaba condicionado por 1º factores relacionadas coas ferramentas de participación e, 2º factores relacionados coa comunicación sempre de forma adaptada ao territorio e ao momento en que leve a cabo o proceso. Como sinala Côté e Bouthillier (2002) é necesario ter en conta a dimensión da área e o tempo que se dispón para o proceso.

A ausencia de referencias de comparación obrigounos a partir inicialmente dun marco teórico no que se establecía como obxectivo acadar un mínimo do 1% dos individuos de cada un dos grupos de interese e territorios. Pódese discutir a idoneidade da cifra establecida, a xustificación atópase no diagnóstico do estado actual da poboación, en especial das súas características demográficas e as características fisiográficas e de distribución dos asentamentos de poboación. Establecido o obxectivo de participación a alcanzar desenvólvese todo o proceso de difusión. Na validación destaca o número elevado de participantes, 303, o que supón o 1,32% da poboación inicial, fronte a unha media de 54 en traballos similares consultados (táboa 12). No que fai referencia á distribución territorial, esta sitúase en 0,2 participantes por km^2, moi por encima da media dos procesos referenciados.

Os resultados poñen de manifesto, que con similar número de stakeholders, a metodoloxía validada consegue case seis veces máis participantes que a media. A clave deste resultado soamente é explicable como consecuencia do proceso de difusión empregado que se fundamenta na obtención dun obxectivo de participación fixado a priori.

Unha vez garantida a representatividade total cabe preguntarse si se alcanzou o nivel previsto para grupos e territorios. Na nosa área de validación o éxito da representatividade dos participantes a nivel territorial (a nivel de municipio) conseguiuse ao superar o 1% mínimo da poboación inicial. Non en todos os casos chegouse a

